



ACTA DA REUNIÓN DO 12 DE XANEIRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia
D^a. Concepción Burgo López
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia
D. Juan Carlos Caride Puente
Letrado do Parlamento de Galicia
D^a. María del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 13,30 horas do día **12 de xaneiro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de gas natural.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes:

D. Rafael Portela Carreo (dni nº 76903560R), en representación de Endesa enerxía, s.a.u.

De seguido procedese a:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 234, de 5 de decembro de 2014. Ningún dos presentes o solicita.

Acto seguido comunícase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Da cualificación de documentos dos sobres A resultan admitidas as seguintes empresas:

- Gas Natural comercializadora, s.a.
- Endesa enerxía, s.a.u.

Non resulta inadmitida ningunha empresa

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

A continuación o presidente invita aos presentes na sala a que examinen os sobres "B" presentado polas empresas, e comprobén que se atopa pechados e nas condicións nas que foron entregados. Así mesmo informa de que poden, antes de proceder á apertura dos sobres, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas, pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións. Informa así mesmo que a documentación contida nos sobres B será remitida ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e a ponderación asignada aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, darase a coñecer no acto público de apertura dos sobres "C".

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados polas empresas concorrentes. O presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida nos sobres "B".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13,45 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.




Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



Concepción Burgo López
Vogal



Juan Carlos Caride Puente
Vogal



María del Carmen Fernández da Silva
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario